



PERSONAL DO SERGAS DA ÁREA SANITARIA DE VIGO ASISTE Á PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA DE ECONOMÍA CIRCULAR 2030

- *Trátase dun plan marco polo que se pretende continuar avanzando cara un modelo sanitario máis sustentable, implantando medidas para optimizar recursos, conseguir unha maior eficiencia e reducir as emisións de carbono*
- *O emprego de enerxías renovables, a substitución do plástico por outros materiais e a reciclaxe, claves nesta tarefa*
- *A Saúde é, por se mesma, unha actividade xeradora de residuos, polo que transmitir esta estratexia ao personal e incidir nas e nos pacientes e na sociedade na necesidade de que reducir a pegada de CO2, é fundamental*
- *O SERGAS é o único servizo de saúde en España comprometido coa Carreira cara ao Cero, proposta polas Nacións Unidas*

Vigo, 16 de abril de 2024.- O personal da Área Sanitaria de Vigo puido asistir onte á presentación da *Estratexia de Economía Circular do SERGAS 2030*, un plan marco polo que se pretende continuar avanzando cara un modelo sanitario máis sustentable, implantando medidas para optimizar recursos, conseguir unha maior eficiencia e reducir as emisións de carbono. Esta estratexia foi presentada pola Dra. Beatriz Piñeiro Lago, técnica en Innovación e Sustentabilidade en Saúde do SERGAS, co fin de xerar sensibilidade sobre a responsabilidade do impacto que produce o sistema sanitario no planeta, derivado da súa actividade, e como afrontar unha saudable e mellor calidade de vida das persoas sen danar o ambiente.



Na súa explicación, a Dra. Piñeiro mostrou a folla de ruta que o Servizo Galego de Saúde seguiu dende 2004, data na que deu un primeiro paso propoñendo que as súas futuras dotacións hospitalarias e centros de saúde foran máis respectables co ambiente, pasando entre 2014 e 2019 a un período na que a estratexia contemplara, ademais, a humanización do servizo. Esta estratexia deu paso á actual, na que se propón, ademais do anterior, unha economía circular na actividade sanitaria: reducindo os residuos, empregando recursos enerxéticos e insumos sustentables e reciclando materiais, co fin de estender o ciclo da vida dos produtos e reducir as emisións de CO2.



Este é o núcleo desta *Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde 2030* -deseñada en 2023 e presentada polo Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, en setembro dese ano-, e que ten como fin, xunto cos pasos dados dende 2004, á implementación de usos e sistemas máis sustentables, respectuosos co ambiente e, polo tanto, saudables, co horizonte do ano 2030.

Sensibilidade cara aos profesionais e á sociedade en xeral

Tal e como lembrou nesta exposición Beatriz Piñeiro, o sector sanitario é, por se, unha das actividades que xera máis residuos, polo que esixe a promoción dunha cultura interna que o teña en conta e que coopere neste labor que, xunto coa optimización de recursos enerxéticos, a redución do consumo de materias primas de baixo reciclaxe e dar un pulo ás enerxías renovables, axudarán a este obxectivo.

Estas cuestións agrávanse se temos en conta a falta de hábito e coñecementos que faciliten esta economía circular por parte dos e das profesionais sanitarias, pacientes, familiares, provedores e usuarios en xeral, o que obriga á introdución da circularidade no ADN da organización.



Á súa vez, a Dra. Piñeiro Lago recordou na súa presentación a necesidade de minimizar o consumo de enerxías fósiles e a adecuación dos centros sanitarios para evitar as perdas enerxéticas. Neste apartado, lembrou recentes exemplos de edificacións con solucións baseadas na natureza e o aproveitamento da luz solar, como o centro de saúde de O Porriño ou o propio Hospital Álvaro Cunqueiro, que foi o primeiro hospital de España en obter a certificación outorgada pola *Building Research Establishment Environmental Assessment Methodology* (BREEAM) como edificio sustentable.

Este tema da enerxía, xunto coa necesidade de reducir e mellorar os consumos de auga e a xestión de residuos, son piares fundamentais desta estratexia que se transmitiu onte ao persoal asistente a esta presentación.

Reducir a pegada ambiental

Non obstante, un dos ámbitos nos que se precisa un maior esforzo para a redución da pegada ambiental, derivada pola propia natureza da actividade sanitaria, son o emprego de determinado tipo de dispositivos e elementos. A modo de exemplo, un dos principais impactos ben da man dos propelentes dos inhaladores de doses medias (pMDI) xa que veñen presurizados con gases que producen un impacto considerable na pegada de carbono. Modificar estes inhaladores por outros de po seco (DPI) ou de



néboa fina (SMI) suporía reducir as emisións de gases e efecto invernadoiro (GEI) destes dispositivos dun 98 % a tan só un 2%.

Seguindo con estes exemplos, outro dos aspectos inherentes á actividade sanitaria e o emprego de gases, especialmente os anestésicos, que son responsables de entre o 0,01 e o 0,10 por cento das emisións globais de CO₂ e teñen un alto potencial de quecemento global. Aínda así, precísase unha nova adecuación, xa que non todos son iguais. Por exemplo, o emprego de Sevoflurano ten unha permanencia na atmosfera de 1,4 anos de media, fronte os 21,4 anos de permanencia do Desflurano.

Xestión de residuos, plásticos e valorización de residuos de cociña

Tal e como lembrou Begoña Piñeiro nesta presentación, a xestión de residuos e o emprego de plásticos na actividade sanitaria supón outro dos piares nos que se fai precisa unha maior incidencia. Comezando polos plásticos, recordou que, lamentablemente, a maioría dos plásticos empregados en sanidade non son reciclables, polo que o aconsellable é a redución do seu emprego até chegar á eliminación daqueles que poidan ser substituídos por elementos feitos con outros materiais e a redución no máximo posible dos que non teñan substitución.

Xunto con este emprego racional de materiais plásticos, esta Estratexia Circular contempla a diminución de residuos de papel e cartón, mellorar a segregación de residuos e apostar por unha valorización destes, poñendo como exemplo tamén nos residuos das cociñas hospitalarias, buscando a súa valorización en dous canais: un canal de amidón, que serviría para o emprego en hidro-xeles ou anticonxelantes, e outra canle fracción de proteína, para o seu emprego como bio-estimulantes vexetais.

Implicación

Para finalizar, esta exposición da Dra. Piñeiro Lago rematou coa necesidade da implicación de todas as persoas vencelladas ao ámbito sanitario a participar no fomento da filosofía do ciclo de vida e o ecodeseño dunha cultura sanitaria sustentable, así como solicitar a súa experiencia para o redeseño dos procesos propostos que afecten aos seus hábitos de traballo, e tamén á difusión destes fundamentos cara un mellor comportamento social pensando en pacientes e os seus familiares, o que levará a unha contorna máis sustentable e a unha cidadanía máis saudable.

Compre indicar que, dende as primeiras decisións abordadas en 2004 ata agora, a Sanidade de Galicia acaba de experimentar un cambio cara esta economía circular, ao ser recoñecida na actualidade como o único servizo de saúde de España comprometido coa Carreira cara ao Cero proposta polas Nacións Unidas, que establece como fitos a redución nun 60 % das súas emisións de CO₂ en 2030 e chegar a CERO emisións en 2040. Así mesmo, as áreas Sanitarias galegas foron recoñecidas polo seu esforzo neste ámbito por *Health Care Withot Harms* en 2023.